

Chegando. Cruzo o arco da verdade en camiño ao lugar dos meus soños. Imaxe que se reflicte nas miñas meniñas, estampa de esperanza. A Ponte, apoteósica, antiga, preciosa, lugar de encontro de namorados, que conta polo baixiño entre as rachas de vento historias de amor prohibidas. O coche vai fluído pola estrada, camiña por rúas de seda tecidas polos máis delicados dedais. Cruzamos e adentrámonos na avenida, xigante, Times Square reducido á beleza deste pequeno pobo. A xente pasa aos dous lados da rúa, impertérrita, esferas de pensamentos percorren a súa mente mentres camiñan sen parar. Comercios, restaurantes, lugares de xuntanza dos máis vellos, onde contan historias de tempos pasados que nunca morrerán nos recunchos da súa memoria. Xiro á dereita, aparcan, a casa espérame ansiosa da miña ilusión. Pero eu decido mirar cara diante. Océano infinito que se reflicte nos meus ollos, as ondas tocan melodías infinitas, na eternidade da area, onde deixan pegadas sensibles que desaparecen co tempo, para deixar unhas novas. O faro á esquerda, recordo das historias de naufraxios que contan os avós, cando os meniños non queren durmir pola noite. Illa do tesouro erixida no medio do océano. Piratas que loitan por tesouros agochados no máis fondo das covas. As aventuras inaudibles que contan algúns que se atreveron a entrar, agochadas no máis profundo das ondas. Seguimos camiñando, o lugar dos manxares divinos encóntrase na miña fronte. Olimpo dos sabores que percorren as miñas papilas como se de bolboretas se tratasen. Onde non hai remordementos nin dor, onde as calorías son meras imaxinacións de mentes enfermas. Saímos daquel lugar de marabillas e comezamos a andar. Paseo infinito, baldosas vermellas e brancas, recordos da infancia que volven á miña cabeza, o tren dos recordos chegou. Neniña que camiñaba torpe intentando non pisar as raias que se debuxaban no chan, ilusión nos seus ollos. Camiñatas de verán en noites escuras onde o ceo formaba unha pintura preciosa de estrelas incesantes, que contaban mitos nas súas constelacións. Calma, que só pode ser producida polo recordo de familia, nós, os tres, unidos, sempre, ante todo, da man, na treboada, nas noites de xeo e no furacán. Xiramos, infinitos barcos percorren o mar, balanceo etéreo que non deixa lugar á monotonía, escoito os contos das ondas nos cascos, as bandeiras ondean. A riqueza xurde de entre os océanos, hipocresía agochada nos billetes dos que máis teñen. Por fin chegamos á realidade, as pequenas barquiñas flotan incesantes entre a infinidade da marea. Soños de mariñeiros, que se reflicten na auga salgada, facendo formas efémeras, que só poden ser vistas polos que máis tino teñen. A neniña que fun volve para contarme as ilusións de navegar polo mundo en busca de "nunca xamais". Chegamos á ponte, o vento revolve o meu cabelo crecho, mentres que escoito entre murmurios os sons eternos dos bicos dos namorados que non puideron ser. Cruzo o arco, estampas en pedra gravadas naquel monumento da arquitectura. A costa aos nosos pés, adentrámonos naquel pobo máxico, fadas e ninfas acuden ao meu encontro, para pintar con cores a ilusión das miñas meniñas verdes. A praza, lugar de encontro, onde os máis maiores recordan tempos mozos, e onde os mozos intentan atrapar as efémeras sensacións que se se lles esvaran dos dedos mentres os anos pasan. Xiro á dereita, a vila antiga, barroco, renacemento, cada casiña decorada con adornos dotados de especial sensibilidade. A cada paso recunchos de maxia que me levan a universos descoñecidos. Seguimos camiñando, á dereita volve a nena que fun, suplicándome a que entre naquel lugar, os sabores da friaxe volven a miña boca. Straciattella, fresa, chocolate. As miñas pequenas pernas correndo cara o mellor dos manxares, a maior arela que tiña o meu corazón cando a inocencia aínda estaba no meu sangue. Non resisto e decido entrar, os sabores volven aos meus beizos. Felicidade pura. Damos a volta, as agullas móvense rápidas cando a ledicia é suprema. Percorremos outra vez as nosas pegadas, o mesmo camiño, a conexión é infinita. Os meus pés móvense ao

son das ondas, o meu cabelo píntase da cor do Sol, na miña pel tatuadas as historias que conta a xente polo baixiño, para rememoralas pola noite e poder durmir ben. Se me pediran a definición de felicidade mostraría unha estampa daquel lugar, e de nós os tres, xuntos, porque alí, naide nos ía separar, era imposible, os fíos que formaba o sal na auga estaban pegados a nós, facendo que o noso amor fora infinito.

Volvemos coller o coche. Inquietude, ilusión, nerviosismo por observar algo que aínda que mire infinitas veces nunca me resultará indiferente. As árbores comezan a aparecer, facendo surcos entre os camiños que levan a mundos inexpugnables. Curvas, os meus cabelos dan voltas entre as casas antigas, que se manteñen vixentes ao longo do tempo. Chegamos, baixamos do coche. Sinto o recendo salgado do mar na miña pel. Ule a mar, a area, a pureza, a felicidade. A estampa que vexo faime sentir unha absoluta ledicia. Increíble, imaxe apoteósica gardada por sempre na parte máis fonda do meu corazón. Camiño, pasos febles que se funden na area, ao igual que eu neste lugar. Salvavidas das miñas emocións. Oráculo do meu futuro. A seguridade vese reflectida nas pingas de auga cristalina que quedan na area. O ritmo da marea, acompañado cos latidos do meu corazón, infinitos, eternos, conectados por sempre. A vida enche o meu corpo. As miñas feridas son cubertas con vendas de auga salgada. Sinto o mar percorrendo as miñas veas. As miñas mans debuxan melodías ao son das ondas. Diante de min infinitas montañas cheas de árbores, o vento adéntrase entre as súas follas, facendo que poidan falar entre elas. Entre as rochas escurvadas emerxen covas. Só descubridas cando baixa a marea. Mentres, polas noites, as sereas cantan ao son do mar melodías inaudibles, chamando aos mariñeiros. Segredos escritos nas paredes daquel lugar con plumas escamosas. Os meus pulmóns éñchense de felicidade, amor, esperanza. Os meus males son curados naquel mar.

Temos que marchar, mentres que os meus camiñan tediosos, non quero irme da fonte da miña felicidade. Aínda así, polo baixiño, doulle as gracias a aquel lugar máxico. Por quererme, por axudarme, por non xulgar-me, por facerme sentir segura, por deixarme ver que o amor non só se encontra nas persoas, por crecer comigo, axudarme nos meus pasos, por facerme entender o que é a familia, e sobre todo a felicidade. Cando me vou, repítolle en murmurios o precioso que é, sempre, inmarcesible, un anaco da miña alma sempre estará gardado para aquel lugar, volvo a xirar a vista e envío ao mar as miñas arelas, os meus desexos, porque sei que é o único lugar onde estarán resgardados, volvo a dar as gracias, gracias Viveiro, por atoparme no abismo, por quererme, por facerme ser quen son, por formar parte de min, porque o teu recordo curárame nos peores momentos, grazas por gravar con pegadas de sal a felicidade no recuncho máis interno da miña alma.